



PROCEDEMENTO DECLARACIÓN DE FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TU401A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS DA FESTA

NOME

PROVINCIA CONCELLO

PARROQUIA LUGAR

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Acordo do pleno do concello ou concellos en que se celebre a festa ou acontecemento ou do órgano municipal que teña asignada esta atribución onde conste expresamente a solicitude de declaración. Se a solicitude a fai unha entidade pública ou privada deberá achegarse o acordo de solicitude adoptado polo órgano competente. Neste caso, xuntará á solicitude un informe, preceptivo pero non vinculante, do órgano competente do concello ou concellos, manifestando explicitamente a súa valoración e argumentando os seus motivos.

Memoria explicativa que xustifique o cumprimento dos requisitos exixidos do dito decreto, que deberá expresar, en todo caso:

- Para xustificar o requisito da antigüidade, a data ou época de orixe da festa e a historia resumida da súa institución e desenvolvemento.
- A singularidade da festa con respecto a outras que se celebren noutras localidades deberá ser demostrada describindo aqueles aspectos que a diferencian e fan única, destacando os elementos materiais e inmateriais en que se basea a celebración. Así mesmo describirá as accións realizadas nas últimas 5 edicións, en que se constate a súa evolución, as melloras introducidas e os actos ou actividades realizadas para a súa mellor promoción e celebración.
- O arraigamento xustificarase describindo a asistencia e participación da poboación local na festa ao longo das distintas edicións celebradas con descrición do modo en que se produce a dita participación.
- As accións promocionais suficientes xustificaranse describindo os soportes de difusión de actividades de promoción dos distintos medios así como a documentación sobre a participación en feiras, eventos e actos similares nas últimas 5 edicións.
- O valor cultural xustificarase mediante un informe que así o acredite dun especialista na materia ou historiador.
- A data de celebración actual e de cada unha das edicións anteriores documentalmente comprobable para xustificar a continuidade no tempo.

A memoria explicativa, recollerá así mesmo, a xustificación dos criterios que se terán en conta para efectuar a valoración da festa:

- Descrición detallada dos actos que compoñen a festa na actualidade, prestando especial atención aos aspectos estéticos e de accesibilidade que permiten unha posta en escena atractiva e participativa tanto no que se refire á poboación local como aos/ás potenciais visitantes e turistas.
- A afluencia de visitantes, debendo incluír un informe que recolla, polo menos, as últimas 5 edicións de celebración da festa, con indicación das fontes e criterios utilizados para realizar a estimación.
- A existencia na localidade e área de influencia de infraestruturas e equipamentos suficientes para a celebración da festa e a recepción de visitantes.
- Os orzamentos destinados á celebración do evento nas últimas 5 edicións.

Fotografías, carteis, programas, folletos, libros, referencias bibliográficas, material audiovisual e, en xeral, canta información gráfica que se considere oportuna para apoiar a petición.



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de